




Banda deseñada

Cervantes, la ensoñación del genio

Miguel Gómez Andrea. Dibbuku

Mestura entre banda deseñada e teatro do século XVII que nos achega á vida de Miguel de Cervantes.



50 animales que han cambiado el curso de la Historia

Eric Chaline. Librero

Excelente mostra de libro ameno, que mestura información e lecer no seu contido. Fala do papel que tiveron e teñen aínda algúns animais no desenvolvemento da civilización humana.



¡Arte!: los más grandes artistas de todos los tiempos

Mary Richards. Siruela


Grandes artistas de todos os tempos: Miguel Angel, Caravaggio, Vermeer ou Picasso, cunha pequena biografía e curiosidades das súas principais obras.



La guerra civil contada a los jóvenes

Arturo Pérez-Reverte. Ilustracións de Fernando Vicente. Alfaguara


A Guerra Civil española contada de forma sinxela. Esta guerra causou miles de mortos, destruíu fogares, arruinou o país e levou a moita xente ao exilio.



Historia del rock: la música que cambió el mundo

Jordi Sierra i Fabra. Ilustracións de Xavier Bartumeus. Siruela

Rock desde as orixes ata os nosos días, acompañado de debuxos e anécdotas dos artistas.



El universo

Jean-Pierre Verdet. Ilustracións de Christian Broutin. SM

Unha auténtica aventura polo universo con información clara e precisa. Con datos moi interesantes sobre os grandes estudosos do firmamento ao longo da historia. Para involucrarnos neste fantástico mundo, o libro conta con ilustracións en 3D que podemos ver grazas ás gafas que o acompañan.



World Football Records [2017]: octava edición

Keir Radnedge. Montena

Unha morea de datos, historias e estatísticas para os/as amantes do fútbol.




DVD

Bajo la misma estrella

Dirixida por Josh Boone. Protagonizada por Shailene Woodley, Ansel Elgort e Nat Wolff. Twentieth Century Fox

Baseada na novela de John Green, conta a relación de dous adolescentes cun particular sentido do humor que



se coñecen nun grupo de apoio a persoas con cancro. Mozos que baixo circunstancias adversas aférranse incondicionalmente á vida e aos soños.

Los chicos no lloran (Boys don't cry)

Dirixida por Kimberly Peirce. Protagonizada por Hillary Swank, Chloe Sevigny e Peter Sarsgaard. Twentieth Century Fox

Brandon decide comportarse como home sendo muller. A súa procura de amor faina enfrontarse aos estigmas e prexuízos da conservadora comunidade na que vive, levándoa a abandonar o seu fogar na procura da auténtica resposta aos seus sentimentos. Baseada en feitos reais.



El corredor del laberinto

Dirixida por Wes Ball. Protagonizada por Dylan O'Brien, Thomas Brodie-Sangster e Kaya Scodelario. Twentieth Century Fox

Baseada no primeiro libro da saga creada por James Dashner. Thomas esperta no ano 2024 nun lugar coñecido como o Claro, onde se atopa un labirinto no que unha vez ao mes un novo mozo terá que procurar a saída burlando pola noite aos perigosos "laceradores". Pouco despois da chegada de Thomas, unha moza aparece no Claro, trátase da primeira muller no labirinto...



Divergente

Dirixida por Neil Burger. Protagonizada por Shailene Woodley, Theo James e Ashley Judd. Aurum

Adaptación dos relatos de Veronica Roth. Ciencia ficción distópica que presenta unha sociedade estratificada en categorías ás que os mozos deberán optar ao cumprir os dezaseis anos. Doses de acción, romance e amizade co trasfondo dun mundo en guerra no que cada supervivente terá que tomar a decisión máis importante da súa vida. A saga continua con "Insurgente" e "Leal".



Los juegos del hambre. Sinsajo 2

Dirixida por Francis Lawrence. Protagonizada por Jennifer Lawrence, Josh Hutcherson, Sam Claflin. Aurum

Katniss está disposta a derrotar á organización Capitol e xunto a un grupo de rebeldes planifican o "descabezamento" da súa cúpula. O enfrontamento vai ser directo e amosará as ansias de poder, os encrucillados políticos e os condicionamentos morais que xorden de toda rebelión. Punto final para a triloxía creada por Suzanne Collins.



El secreto del Libro de Kells

Dirixida por Tomm Moore. Karma

Unha maravillosa película que conta, na Irlanda da Idade Media, como un monxe moi novo anda a buscar información para rematar un libro, e coñecerá na súa andaina a moitas criaturas...



El viento se levanta

Dirixida por Hayao Miyazaki. Vértigo Films

Narra a historia de Jiro Horikoshi, o home que deseñou varios dos cazas xaponeses durante a Segunda Guerra Mundial e como o seu traballo choca co seu espírito sensible e apaixonado.

Selección bibliográfica realizada polo persoal do Sistema de Bibliotecas Públicas Municipais do Concello de Oleiros:

* Biblioteca Central Rialeda. Perillo

* Biblioteca Pública Municipal e Centro de Documentación da Muller Rosalía de Castro. Santa Cruz

* Biblioteca Pública Municipal M^a José Trincado. Mera

* Biblioteca Pública Municipal M^a José Ruso. Dorneda

* Biblioteca Pública Municipal Manuel María. Oleiros

* Biblioteca Pública Municipal Ánxel Fole. Nós

* Biblioteca Pública Municipal Xograr Mendiño. Lorbé

Visita o noso blog: <http://bibliotecasoleiros.blogspot.com>

Síguenos en [twitter](#) @ [bibloleiros](#)

Páxina web municipal: www.oleiros.org

Catálogo do fondo bibliográfico: <http://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/>

Biblioteca Central Rialeda

Avda. Rosalía de Castro, 227A

15172 Perillo - Oleiros

Tel.: 981 639 511

Fax: 981 639 996

Correo electrónico: biblioteca.rialeda@oleiros.org

Depósito Legal: C 1027-2017



Bibliotecas Públicas
Municipais

Premio Nacional María Moliner 2011



Concello de Oleiros

Concellería de Cultura e
Normalización Lingüística



Bibliotecas Públicas
Municipais

Premio Nacional María Moliner 2011

Raiola de lecturas

Guía para adolescentes a partir de 12 anos

Agora que se achegan as vacacións, desde as **Bibliotecas Municipais de Oleiros** agasallamos con esta guía formada por unha selección de títulos que divirten e emocionan, pero tamén que poden facer pensar e adquirir novos coñecementos, co obxectivo de que pasedes momentos agradables coa lectura.

Son algúns dos libros e DVD que hai nas bibliotecas municipais e que podeades levar en préstamo para as vosas casas. Nas distintas bibliotecas de Oleiros hai moitos máis, animámosvos a que nos visitedes, utilicedes o servizo de préstamo e gocedes coa lectura.

Obras literarias para adolescentes a partir de 12 anos



Amigos robots

Isaac Asimov. Ilustracións de David Shannon. Vicens Vives
Asimov, na maior parte da súa obra, describenos unha sociedade futura na que os robots non representan unha ameaza para os humanos, se non que se converten nos seus fieis servidores. Así sucede en Robbie e tamén en Sally os dous relatos que contén este volume.



Unha cabana na lúa

Lino ten dez anos e é o líder dunha panda de rapaces aos que ten que guiar nas batallas contra a panda rival, para que constrúan un somerxible ou unha nave espacial na que viaxar á Lúa e construíren aló unha cabana... a vida de líder nunca é doada!



A casa do medo

Agustín Fernández Paz. Rodeira-Edebé
Conta a historia dun home adulto que ten que regresar á súa vila natal Valverde, onde viviu os doce primeiros anos da súa vida e a onde non regresara despois de moitos anos. Ao volver, lembra os feitos que súa nai chamaba como “desagradable incidente” e que grazas aos psiquiatras infantís agochara no máis profundo do seu cerebro e os que ningún crería se se chegasen a divulgar, pero que el sabe que foron reais. Unha experiencia traumática, pero decidido a rachar co pasado relata o que lle pasou tras quedar pechado no enigmático caseto situado na leira de don Mauro e que espertaba os temores de todos os rapaces de Valverde polo que contaban del. Para poder volver á súa casa e abandonar ese lugar, o protagonista terá que superar as probas do cruel Señor das Serpes e así lograr regresar con vida da Illa da Lúa.
Un estupendo relato de misterio, dos que tan ben dominaba este autor, con maxia, lugares malditos e a valentía do rapaz que só leva consigo un amuleto.




A casina azul

Sandra Comino. Galaxia
Premio Iberoamericano de Novela
Cintia non é feliz. Pero a avoa Pina, a amizade especial de Bruno e os libros conseguen mitigar a súa sensación de soidade e desamparo. Todo isto e, por suposto, o misterio e a maxia que se agochan na casina azul.



Chamádeme Simbad

Francisco Castro. Galaxia
Bonita historia tecida arredor dun neno e do seu avó, que comeza a padecer unha demencia senil. O amor do neno será quen de entender a situación pola que pasa o ancián, que se vai volviendo neno diante da incomprensión do mundo adulto.



La increíble historia de... Los bocadillos de rata

David Walliams. Ilustracións de Tony Ross. Montena.
Conta a historia de Zoe, unha nena que ten unha vida



complicada, pero, a pesar diso, segue co seu optimismo debido a que nunca perde de vista os seus soños. Nesta historia, de humor e aventuras, deberá protexer a súa mascota dun malvado vendedor de hamburguesas ambulante.

El ladrón del rayo I (Percy Jackson y los dioses del Olimpo)

Rick Riordan. Salamandra
Que pasaría se un día descubres que en realidade es fillo dun deus grego que debe cumprir unha misión secreta?




Laila

Laila Karrouch. Oxford
Cando Laila chega a España procedente de Marrocos terá que asumir, xunto coa súa familia, unha nova cultura e unha forma de vida diferente sen renunciar ás súas raíces.



Lendo lendas, digo versos

Antonio García Teijeiro e Antonio Reigosa. Ilustracións de Xosé Cobas. Xerais
Deliciosa e orixinal aposta literaria a tres mans na que se combina a narración en prosa dunha lendas, a súa translación á poesía e a súa interpretación plástica.



Más Allá

Alex Shearer. SM
Harry, un neno terriblemente inqueda acaba de morrer. O seu espírito chega a un extraño lugar onde ningún parece darse conta de que el está aí. Só Arthur, un neno dun século moi diferente ao seu brindase para acompañalo nesta travesía... Un libro sobre a importancia do amor e da comunicación familiar.



Manxar do demo

Andreas Schlüter. Galaxia
O grupo de servizo de mensaxaría Pata de Rata, investiga un misterioso asasinato... Animais mortos no xardín dun laboratorio, as forzas máxicas do péndulo que predí o futuro e unha escura seita celebrando misas negras... son suficientes ingredientes para un novo caso dos nosos protagonistas.




Marchabru y la hoguera de hielo

Emilio Teixidor. Planetalector
Novela de fondo histórico que presenta o mundo medieval de trovadores e xogres.




Los niños de cristal

Kristina Ohlsson. Destino
Billie e a súa nai trasládanse a unha vella casa dun pobo. Pero algo extraño sucede dentro da vivenda: alguén peta pola noite na ventá, a lámpada balancéase sen motivo e poñen figuras de cristal enriba da mesa. Billie e os seus amigos queren descubrir a historia da casa e a dos seus antigos moradores.



O país durminte

Xabier P. Docampo. Xerais
Extraordinaria narración que mestura a aventura e o misterio, agachando nela unha grande realidade no mundo que temos arredor. Esperemos que poida esperar Glearim.



Las piernas de Amaidú

Luis Matilla. Anaya
Miguel e Carlos pónense en contacto a través dun traballo escolar. Deberán obter información sobre unha fotografía aparecida na prensa. Tras coñecer ao fotógrafo que tomou a instantánea, comezaran a investigar sobre uns feitos que lles levará a repensar algunhas ideas.



El pozo detrás de la puerta

Josep Samper. Anaya
Olga e Álex sospeitan dos problemas que hai no ascensor no edificio no que viven. Parece que todo ten que ver coa sala de máquinas.



Relatos de monstruos

Steven Zorn. Ilustracións de John Bradley. Vicens Vives
Un robot crítico co seu inventor, un discípulo que cuestiona ao artista que ten como mestre, un enterrador que odia á xente feliz... Neste libro deambulan toda clase de monstruos concibidos pola imaxinación de autores como Dickens, Mary Shelley o Ambrose Bierce. Seis relatos adaptados por Steven Zorn.



Trampa para un pintor

María Isabel Molina. Santillana
No Toledo de 1606 estase a preparar unha conxura contra o Greco. Poderá librarse das consecuencias da mesma?



El viaje americano

Ignacio Martínez de Pisón. Santillana
Un camareiro español que traballa nun transatlántico nos anos 30, chega a Hollywood despois de coñecer a unha actriz famosa.



Novela Xuvenil

El club de los perdedores

Lorena Amkie. Planeta
Alexa ten 15 anos e é vítima de bullying. Decide deixar de esconderse e crea un blog que lle dará forzas para cambiar todo o universo que a rodea.




A caixa dos rancores (vidas cruzadas)

Héctor Cajaraville. Xerais
Premio Raíña Lupa de Literatura Infantil e Xuvenil 2015.
Unha xuíza recén chegada á localidade de Valdomar, revoluciona a vila cunha sentenzas moi orixinais. Así, un rapaz é obrigado a pasar todo o verán visitando a Chiruca, a anciá a que atropelou co seu ciclomotor. Novela de lectura áxil na que resalta a historia dunha amizade interxeracional que pasa por riba da diferenza de idade e que demostra que a amizade verdadeira non entende de prexuízos nin de convencionalismos.



La casa del espejo

Vanessa Tait. Roca
O que lle pasou a Alicia antes de seguir ao coello branco e aparecer no País das Marabillas.



La cenicienta que no quería comer perdices

Nunita López Salameiro. Ilustracións de Myriam Cameros Sierra. Planeta
Un conto moderno que revisa con moito humor os roles que nos tocou defender a cada un de nós. Divertido e profundamente esperanzador para todas aquelas mulleres que un día se deron conta de que a vida non era ese conto de fadas que lles quixeron facer ver. Unha crítica feroz contra a nosa sociedade con moitísima forza nas ilustracións.



La chica de Marte

Tamara Bach. Siruela
Unha historia de amor pouco común, triste e optimista á vez, contada por unha rapaza de quince anos.




Choque de Titanes

ByViruzz. Martínez Roca
A primeira novela de ByViruzz, unha historia ambientada nas sagas de heroes e guerreiros máis célebres da rede. Raligg Naggigg é un neno que vive nunha rexión sometida ao poder perverso dunha bruxa. Empezará unha arriscada viaxe para derrotar ao mal e conseguir o Hechisu, un elixir de extraordinarias propiedades.




Conquista

John Connolly e Jennifer Ridyrd. Tusquets
Primeiro libro da serie Las crónicas de nos invasores. A terra acaba de ser invadida polos ilirios, alienixenas que parecen ser máis civilizados que os humanos, e en moitos lugares do planeta organizase a resistencia contra o invasor.



Cor gris vida

Xavier López Rodríguez. Tambre
Unha moza é enviada polo seu pai a un campamento de verán para separala do mozo que lle gusta. Será unha experiencia para abrirlle unha porta á esperanza.



O derradeiro irmán

Natacha Appanah. Xerais
Unha novela conmovedora sobre unha deportación de xudeus á Illa Mauricio acontecida en decembro de 1940. A visión dun neno sobre este feito histórico.



Os escaravelllos voan á tardiña

Maria Gripe. SM
Aventuras de tres rapaces nunha casa deshabitada. Excelente tradución de Carlos Casares, autor home-naxeado no Día das Letras Galegas 2017, dunha obra de calidade da xenial autora sueca María Gripe.




La espada del destino

Andrzej Sapkowski. Alamut
Novela pertencente a saga de Geralt de Rivia, na que Sapkowski recrea un mundo fantástico propio polo que se move Geralt de Rivia, un bruxo cazador de monstruos.




Historia del futuro según Glory O'Brien

A. S. King. Puck
Glory afronta o último ano do instituto sendo pesimista. Unha rapazada daralle o don de contemplar o futuro.



Mentira

Care Santos. Edebé
Premio Edebé de Literatura Juvenil 2015
Xenia é unha moza, unha boa estudante de 2º de bacharelato, curso no que estaba interesada en sacar boas notas para poder entrar na carreira de Medicina na Universidade. Pero, ultimamente o seu rendemento baixou. Coñeceu, a través de Internet, un mozo do que namorou. Empezan a intercambiar correos e ela proponlle quedar para coñecerse. Como el se nega, Xenia comeza a facer indagacións...
Unha obra interesante que fala da delincuencia xuvenil e da súa inserción na sociedade, pero tamén da amizade, do amor, da familia e da solidariedade. Móstranos como o amor pode transformarnos, tanto para ben como para mal.



La noche más oscura

Ana Alcolea. Anaya
VIII Premio Anaya de Literatura Infantil e Xuvenil.
A Valeria este ano espéranlle unhas vacacións especiais. Nun lugar solitario e singular, no norte de Noruega, onde o presente e o pasado mesturaranse nos seus soños.



Norteáns

Mar Guerra. Xerais
Novela histórica de aventuras, ambientada no antigo mundo da sociedade castrexa, que nos ven a dicir que a pesar do cambio de escenario, as paixóns humanas seguen a ser as mesmas.



Pacto de sangre

Fernando Claudin. Anaya
Case sen decatarse, Raúl acaba preso nunha redada e comeza unha aventura cos amigos cos que comparte o furgón policial.




El teorema Katherine

John Green. Nube de tinta
Para Colin Singleton existen dous tipos de persoas: os que deixan e os que son deixados. El pertence ao segundo tipo. A súa última ex é a Katherine número dezanove que lle rompeu o corazón. Necesita atopar un teorema que explique a maldición das Katherine, e Colin emprende xunto a seu amigo Hassan unha aventura que os levará a Gutshot, un pobo de Tennesse.



El portero de la selva

Mal Peet. Salamandra
Un relato de valor e nobreza co mundo do fútbol de fondo.




Recinto gris

Leticia Costas. Xerais
Unha sociedade dominada por homes que procuran ante todo dar solución e facer desaparecer diferenzas que non son do seu agrado. Pero quen é diferente? Diferentes por ser albinos, intelixentes, enfermos, pobres...



A praia das tartarugas

Michel Girin. Tambre
Dous mozos asiáticos foxen dunha guerra. No seu camiño vaise cruzar un misterioso irlandés que fará que a viaxe sexa completamente distinta.




Segundas oportunidades

Rainbow Rowell. Alfabuara
Unha parella nova pasa por unha crise sentimental que intenta arranxar.



Los supervivientes

Jimina Sabadú. Algaída
Antigos alumnos e profesores dun colexio a punto de pechar, intentan facer un último encontro, a xeito de despedida. Nada voltará a ser igual.



Tras la sombra del brujo

Francisco Díaz Valladares. Edebé
Premio Edebé de literatura Juvenil 2017
Apaixonante novela de aventuras situada no enigmático e fascinante continente africano, en pleno século XXI, onde a beleza de África e as súas tradicións conviven coa falta de escrúpulos.